


HIDROLOXÍA DA VERTENTE SUR DA COMARCA DO MORRAZO

AUGAS SUPERFICIAIS.-

RÍOS DO MORRAZO



RÍOS DE MOAÑA

Os ríos de Moaña van todos cara ó Sur, pois todo o concello ten unha soa vertente sobre a ría de Vigo. Son os ríos máis caudalosos e longos da comarca por ter cuncas máis longas e amplas e tamén por baixar de maiores altitudes.

1. **Río Libón.** Nace a 450 metros de altitude na Chan da Goa, recolle augas da Serra de Basil, e tras rápida baixada enlaza no Miñouva por debaixo da Fervenza de Verdeal. Ten unha lonxitude de 1,8 Km.

1. **Río da Miñouva.** Nace a 500 metros de altitude no lugar dos Pedrouzos. Baixa pola Cavada do Carrasco e a Chan da Paradela. Tras repousar as augas na Poza da Moura, baixa logo a Verdeal, formando a máis espectacular fervenza da comarca. Acouga entre os campos de Domaio e desemboca na Enseada de Mouro. Ten unha lonxitude de 3,8 Km.

2. **Río da Freixa.** Nace na Chan da Paradela, preto do lugar de Carballido, a 260 metros de altitude. Pasa polo Viduido e por Calvar, desembocando preto do porto de Domaio. Ten unha lonxitude de 2 Km.

3. **Barranco do Faro.** Tamén chamado **río de Meira**, nace a 500 metros de altitude, na aba do Monte Faro Domaio. Despois de baixar o monte con forte pendente, rega as veigas de Reibón e Meira, desembocando na Praia de Meira. Ten unha lonxitude de 3,5 Km.

4. **Río da Fraga.** Tamén chamado río **dos Ladróns**, nace no Couto do Home, a 610 metros de altitude. Baixa polo chamado monte Gagán e pasa por A Fraga, Verducedo, Ponte Meira, desembocando na Xunqueira tras percorrer 6,7 Km.

5. **Río do Inferno.** Nace no lugar de Boxacoba a 350 metros de altitude. Baixa con forte pendente ata o lugar de Regadas collendo logo o val ata Redondo onde recibe un afluente que baixa da Rotea, Paradela e O Piñeiro. Pasa logo polo Rosal e desemboca na Xunqueira tras percorrer 3,4 Km.

6. **Río das Saíñas.** Nace no Outeiro do Cruceiro en San Martiño, a uns 130 metros de altitude e discorre entre o Casal e a Ameixoada, en dirección Sudoeste, entrando en terras de Cangas onde recibe o nome de Saíñas. Desemboca na praia de Rodeira tras percorrer 3,2 Km.


RÍOS DE CANGAS

Os ríos de Cangas son curtos e de pouco caudal, anque a maioría levan auga todo o ano.


Discorren cara dous mares diferentes e distantes. O da ría de Aldán, ó que van augas da parte Noroeste do concello, parroquias de Aldán e Hío, e o da ría de Vigo, ó que van augas da parte do concello orientada cara ó Sur, parroquias de Hío, Darbo e Coiro, quedando no medio a costa atlántica da Vela, cunha vertente moi curta e acantilada, que non ten ningunha corrente de auga permanente.

Serían afectados polo proxecto de vía rápida os seguintes:


6. **Río das Saíñas.** Nace a uns 130 metros de altitude, no Outeiro do Cruceiro, en San Martiño. Rega as veigas da Ameixoada, Gondarán, A Rúa e o Espírito Santo, desembocando na praia de Rodeira, tras percorrer 3,2 Km. Ten sete muíños.




7. **Río Bouzós.** Nace a unha altitude de 370 metros, nas Chans de Ermelo. Rega a veiga de Esperón, cruza a Fraga de Coiro formando fervenzas, rega as veigas do val de Coiro, nos lugares de Devesa, Sistro, Verín, Romarigo e Reboredo. En Verín recibe as augas do río das Presas. Tras percorrer 4,6 Km, desemboca no Señal, na enseada de Cangas. Movía 30 muíños, algún deles aínda en funcionamento.



7. Río Presas. Nace a unha altitude de 150 metros, preto da Portela. Baixa por veigas de Priegue, Angueiro, Augalevada, A Madalena, e verte augas no Bouzós, no lugar de Verín, despois de percorrer 2,7 Km. Ten un muíño.




11. Río Orxás. Nace a 160 metros de altitude, recollendo as augas dos montes Borrallido e Liboreiro, e discorre en dirección Sudoeste. Rega as veigas de Lagarteira, Caroseiro, Sandiño, O Piñeiro, A Corredoura e desemboca en San Cibrán, no fondo da ría de Aldán. Ten unha lonxitude duna 4 Km. No lugar do Piñeiro, recibe as augas do río Fials. Movía 11 muíños.



11. Río Fials. Nace a 150 metros de altitude, nas proximidades de Montecarrasco, recollendo augas dos montes Castelo, Fials, e Carballiño, da Serra da Madalena. Leva pouco caudal e discorre en dirección ó Norte, regando a veiga de Herbelo. Ten unha lonxitude de 1,7 Km., ata xuntar co río Orxás no lugar do Piñeiro.

Río Fials



Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo

Decembro de 2001